



Antoloxía da poesía galega de 2019

Ramon Rozas

Botarse a repasar a poesía galega nestes últimos anos é sempre un motivo de orgullo e mesmo ledicia, o recoñecemento a un labor que inza de xeito afouto na nosa cultura dunha maneira prodixiosa, facéndoo como poucos outros protagonistas do noso sistema creativo, quizais coa única excepción do sector audiovisual.

Deterse no ano 2019 hoxe supón mirar case ao infinito, ao que acontecía nun mundo moi diferente ao que nos tocou vivir dende entón, entre a distopía e a estrañeza, e no que moitos atopamos nesa poesía, na nosa poesía, un acubillo

inmenso e impagable que non vén máis que a afirmar a esa escrita como o mellor bálsamo ante o desconcerto e o mellor xeito para tentar comprender e comprendernos. Esa semente do 2019 recolleuse de xeito feliz no 2020 co recoñecemento firme da nosa poesía, non só dende Galiza, senón dende fóra da nosa terra, fixándose e gabando nomes de mulleres como Alba Cid ou Raquel Vázquez (*Aunque los mapas*. Premio Loewe a la creación Joven) que acadaron diferentes galardóns de prestixio e, como non, Olga Novo, Premio Nacional de Poesía grazas a *Feliz Idade*, que forma parte da colección Tambo da editorial Kalandraka e que viña a recoller o testemuño da anterior premiada nese 2019 que nos ocupa co seu *Tempo fósil* editado por Chan da Pólvora.

Mulleres e poetas que se suceden nos olimpos da poesía, de onde tanto tempo estivemos desterrados coa nosa lingua como bandeira e sentimento. e que se amosan agora como territorios cotiás dun traballo que non deixa de levedar e de amosar novos nomes que cohabitan cos máis experimentados. Palabras sementadas entre as palabras máis antigas, aquelas que nos construíron e ás que non deixamos nunca de mirar como o arreguizo dos que loitaron tanto tempo entre sombras e esquecementos.

Parte dese tremor sentímolo en canto saíu do prelo *Feliz idade* de Olga Novo, ante o que deseguida percibimos a importancia do texto, do que construíra no seu interior a poeta da Pobra do Brollón, territorio que se converte na esculca do paso do tempo, na herba que medra como raigame dunha xenealoxía que se perpetúa na filla da autora. É a construción dunha identidade engaiolante de memorias e emocións que fan da palabra un refuxio amniótico fronte a unha realidade exterior da que tantas veces paga a pena fuxir. Todo un fito que se reflicte nese recoñecemento que, por segundo ano consecutivo, converte a nosa poesía nun faro na costa que alumea en toda a península.

Un 2019 que asistiu a nacementos, como o dunha nova editorial de poesía, dende Pontevedra, dende ás beiras do Lérez que namoraron ao novísimo Luis Amado Carballo. O selo Urutau converte a poesía nun territorio que ocupar nestes tempos que semellan aínda tan incertos. Ese nacer sérvenos como contrapunto á morte, a desaparición nas nosas letras dun enorme poeta como foi Manuel Álvarez Torneiro

cunha obra ancorada no agarimo da palabra, no ser humano e as súas posibilidades e a necesidade da cultura como unha táboa á que suxeitarse fronte á marexada. El acadou por vez primeira o Premio Nacional de Poesía para a nosa lingua e sempre, dende os ángulos da brasa, a súa poesía non serviu para especular, converténdose nun decidido exercicio de goce compartido entre autor e os seus lectores, sabedores sempre de que entre esas palabras un vieiro de beleza converteríase nun belisco que, como un lóstrego, abría as portas da memoria e do tempo.

Suliñar un ronsel de libros de poemas que deixaron pegada nese ano debe entenderse sempre como un exercicio absolutamente íntimo, as máis das veces non compartido, que ten moito de gusto propio e que, abofé, será inxusto con libros e accións cos que o tempo de un non foi precisamente xeneroso. Máis plantexarei diferentes estacións de paso nas que deterse uns minutiños na procura daquela “paz de los andenes” da que falaba Gerardo Diego. A paz da poesía.

Nese percorrido por 2019, onde non detallaremos os volumes editados nesta casa que nos acolle, Chan da Pólvora, o poeta Antonio García Teijeiro e o ilustrador Marcos Viso compoñen con *Paseniño, paseniño* (Xerais), un libro de poesía colaborativa. Un vencello entre palabra e imaxe que xorde do imaxinario de Rosalía de Castro para producir un diálogo entre palabra e imaxe abraiante. Antonio García Teijeiro tece novos poemas dende as palabras da nosa nai poeta, na activación de engaiolantes atmosferas ás que Marcos Viso achega un ronsel de metáforas visuais que esixen, afortunadamente, da nosa complicidade, da nosa mente para rematar ese significado.

Xaime Toxo erixe en *A casa sen nós*, Laiomento, un compás da navegación en terra na que tempo e memoria constrúen o que somos. A casa como fogar, máis tamén como resistencia ante o devir do noso universo. Xeracións, identidades, NÓS. Todos eles enfrontados a esa liña do horizonte que marca, nunha sucesión inesgotable, os amanceres que nos alentan, os ocasos que nos avellentan. o reloxo dun tempo que nos acolle cos pés na terra e os ollos no mar.

Sandalias verdes foi o debut poético da xornalista Pilar García Rego. Un laio en forma de poesía que se converte en alento fronte ao recordo, nunha necesaria redención que só a escrita é quen de acadar. Este tránsito de pés nús pola existencia amosa unha muller que non deixa nada atrás, convertendo o verso nun berro que busca espantar sombras, desterrar medos e atopar complicidades con todos nós para manter ese equilibrio necesario entre a luz e a escuridade e cuxo desequilibrio é o que nos pode condear realmente a formar parte dese espazo da sombra.

As *Fosforescencias* de Lupe Gómez, editadas por Alvarellos, son unha emoción que vai e vén. Unha correspondencia convertida en trazo poético, en amizade que só se pode entender dende o acubillo da poesía convertida en cartas, algo que nos fala doutro tempo, dun mundo a piques de esmorecer, pero que dende a singularidade xenial de Lupe Gómez deixa aberta unha xanela de esperanza á hora de, como ela mesmo escribe nunha desas cartas: “Compartir cos amigos as pequenas verdades que me alimentan”. Esas verdades son as que lle dan sentido á poesía, as que nos dan sentido a todos nós.

Outro primeiro poemario a gabar neste 2019 foi o asinado por Noelia Gómez, *O xiro*, editado por Xerais e que acadou o V Premio de Poesía Gonzalo López Abrente, facendo da palabra unha sorte de paxariño que voa en liberdade. “Os paxaros desprázanse en círculo para que comprendamos/nacemos suxeitando a morte”, afirma a autora, e nese voo en círculo contémonos todos. País, terra, traballo, medo, crecemento, infancia... palabras que se moven arredor dun eixo do que en certos momentos nos separamos pero ao que necesariamente temos que volver para que todo teña sentido.

Un tipo de voo diferente é o que nos propón Tamara Andrés coa súa obra *Irmá paxaro*, o primeiro libro, un poemario ilustrado, doutro novo selo, como é Cuarto de inverno. Un novo acubillo para a poesía, entre outras escritas, que amosa deste xeito a necesidade de acoller, máis tamén o desexo de ensanchar os nosos horizontes con novas xeografías que permitan aos nosos autores e autoras ofrecernos o seu traballo e, dentro deses nomes novos, o de Tamara Andrés é dos que non esqueceremos ao longo do tempo. Despois do seu *Corpo de Antiochia* de 2017, aplaudido e recoñecido, *Irmá*

paxaro é unha canle emocional que emprega a palabra para nomear aquilo que as veces é tan complexo, como pode ser unha relación entre irmás. Fendas, tensións, emocións e o permanente asexo ao mundo dos adultos desembocan neste poemario cheo de sensibilidades ao que engadirlle as ilustracións de María Montes.

Transmatria, XXI Premio de poesía Johán Carballeira, sae do prelo de Xerais como un afouto percorrido polo corpo como espazo de resistencia, máis tamén como un berro na definición dunha identidade íntima que xorde da terra e do que nos rodea e que adoita someternos nun proceso de domesticación fronte ao que rara vez nos rebelamos. O seu autor, Daniel Asorey, afronta cada un dos seus textos como un espazo de oposición que busca a insubmisión do eu fronte ao normativo. Toda unha sorte de alerta cara o exterior que permite a aproximación a novas complicidades ao tempo que plantexa unha loita dende cada un dos nosos corpos ante o perverso do ecosistema no que nos movemos.

Outro nome de muller, outra voz chea de forza á que seguir con atención máxima no tempo. Arancha Nogueira, dende a editora Positivas, preséntanos *#hashtags para un espazo agónico*, enxertado no camiño que xa estableceu a poesía para tentar descifrar cada un dos tempos nos que se desenvolve. Desta vez a autora ourensá toma, dende unha poesía da síntese, asociada a fugacidade dese cancelo, un ton transgresor co que se erixiu toda unha serie de denuncias que, como un espello, reflicten á nosa sociedade. A paisaxe rural e a urbana, mídense ao longo deste poemario con ese ser humano incapaz de entender ambos, de respectalos e de ollar alí onde a nosa mirada sería sutura ante tantas feridas, como facemos en ambos territorios. Arancha Nogueira amósanos como ese mirar “dende uns ollos abertísimos” é o primeiro chanzo para que o noso desprezo sexa o primeiro elo dunha cadea de redención.

Miriam Ferradáns volve a acariñarnos co que supón a súa poesía. *Agosto*, baixo a edición de Apiario, é un sutil canto á ausencia, un sobrecolledor pétalo literario que, pola súa brevidade, convértese nun intenso percorrido fronte ao que supón a perda. A mirada desta poeta de Bon, adoita atopar nas escumas do mar de Bueu a explicación fronte a negrura dos ceos que nos acollen. Esa mirada convértese nunha esculca

íntima que sinala alí onde emerxe a dor como unha gran balea que deixa tras ela un inmenso baleiro imposible de temperar, se non é dende o inmarcescible da palabra, desa posibilidade para nomear. O que non está, máis tamén o que está, os afectos que nos acubillan cando chega o trebón. *Agosto* é un mes cálido que adoita encherse de ledicias, pero ás veces o gume da existencia convérteo nun conxelador no que unhas flores poden murchar ao tempo que un perde a quen tanto quere.

Fábula das aves, de Manuel Forcadela, editado por Laiovento é un engaiolante tránsito entre as luces e as sombras da poesía cun ancoradoiro en sobranceiras referencias da cultura, pero tamén cun voo de longas miradas sobre a experiencia do creador e o feito da palabra. A poesía de Manuel Forcadela é poesía de alta intensidade, as súas palabras teñen ese peso que a palabra ten que manter como xeito de explicar o que lle interesa ao ser humano, aquilo que paga a pena ter ao noso carón como xeito de facer iso tan complexo como é explicarnos. E aí, nesa explicación, xorde a vida, e o seu gozo como acompañamento preciso, como amor pola tribo e a condición humana cando non renuncia ao seu futuro e non esquece a súa memoria. Como aves que voan en círculos arredor dunha presa movémonos tamén en círculos ao longo destes poemas que balizan experiencias e evocan un mundo cheo de intres maravillosos que moitas, demasiadas veces, non somos quen de ver, respectar e gozar.

Remato esta escolma como a comencei, con outro libro de premio, con *Atlas*, de Alba Cid, merecente do Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández coa súa vizosa edición en Galaxia na que se é quen de plantexar toda unha cartografía humana e poética na confluencia nos diferentes continentes de toda unha cadea de historias, lendas, culturas, tempos, palabras, xeografías, sensacións e miradas que compoñen un universo propio dunha alta intensidade capaz de mergullar ao lector nunha travesía impensable cando arrinca o libro, pero que, ao chegar ao seu remate, entende o lido como unha experiencia vital que non é sinxela de atopar xa non só nun poemario, senón en calquera outro libro.